

A DESVAIRADA ROSA DOS VENTOS

¿É posible recuperar os xardíns da infancia e volver gozar unha rosa que sexa á vez pura, luxuriosa, vella, nova, inicial e derradeira? ¿Camiñaremos de novo polas rúas desa cidade en que vivimos o último verán da nosa adolescencia? ¿Conseguiremos reflotar un buque morto perdido na noite? A resposta a estas preguntas atópase na última obra poética de Ramiro Fonte: *Luz do mediodía*¹.

Na primeira parte -*A historia fala de ti*- o eu poético maniféstase como un ser que intenta regresar ó pasado, á cidade que foi o soporte vital das súas últimas horas de nenez. Porque, perdida esa vivencia, nada é igual: as lúas son pálidas e frías, a primavera é eternamente vella e a luz pesimista do norte invade os días. Sempre no atardecer, hora da melancolía, percorre a rúa que desemboca no mar, facéndose á idea de que se encamiña cara á vila pintada coas cores da nostalxia. Pero a nova cidade

*Foi devastando a lembranza dalgunha vila branca,
Derrubou a casa coa figueira,
Que aínda asoma por veces no claro da mañá,
Borrou o nome das praias areosas*

e, a cambio, concédelle como novos dons *a luz/ Do mediodía, as sombras/ Imprevistas da tarde, // O ronsel dese buque que morreu porque viña/ Ateigado de noite, regalos de tristeza e soidade que el asume. Invariablemente o paseo vespertino acaba no cemiterio mariño onde un buque -Tráxico Leviatán de fermosura/ Conquistador da ría/(...)/ Repousa dos combates gañados fronte as ondas.*

A vivencia infantil é portuaria -sempre hai un trasatlántico que nos engañe coa súa promesa dun país novo- e lígase ós estaleiros, lugares onde se constrúe o *enorme buque de ferro que nos traía o pan e sería poderoso dominador dos mares*. Pero, agora, rematou o periplo destas naves que apodrecen varadas no porto. De igual maneira o tempo secciona as amarras que nos atan ós recordos

*O tempo, que aprendera
A afiar silencioso a folla da súa fouce,*

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1995

Aproveitou aquilo: cortounos esa corda que amarraba

Coma un barco indefenso

Naquel íntimo mar, xa para sempre.

A pesar da consciencia da perda perséguese un vestixio do pasado, unha porta de entrada no labirinto da memoria. Só o corazón descobre *Ese arcano escondido nalgunhas cousas pálidas,/ Porque é un baluarte que vixía a fronteira/ E o río que divide, coma un soño, dúas vidas*. A vida, igual que a cidade na que habita, é un río que corre imparable cara ese mar onde apodrecen os buques. Pero *-Eu non son o poeta/ Que leva no corazón a cinza/ Das naves que queimou. // Deixei as miñas, tristes, mais non están vencidas-* por iso esixe volver ó lugar onde é a historia quen fala de ti

Que me concedan, prósperas,

As lúas suburbanas o dereito

A regresar a ti;

(...)

cidade dos meus anos felices

Sabe que só ten dúas formas posibles de regreso: construír un estaleiro onde recuperar o buque varado *-Un estaleiro quixen construír na ribeira/ Para barcos silentes, rescatados/ De pequenos naufraxios-*, ou buscar a porta do xardín onde florece a auténtica rosa, a flor de antano *-Debo recoñecelo:/ Nunca cambiei de rosa*. A plenitude da infancia, o sentido lúdico da vida *-esa aventura na que ser pirata, gardián-*, a experiencia dos primeiros amores que fuxiron co verán agardan o reencontro no xardín onde está a rosa de esperanza que afasta as formas do desencanto e o xogo da tristeza

Non seguiches o xogo porque unha rosa

Branca, rompendo de inocencia o corazón,

Tiña contigo misteriosos, fráxiles vencellos.

Rosas leva á tumba do poeta adolescente como tributo para quen torneou a madeira e construíu a nave que nos transporta a novos continentes guiados pola Rosa dos Ventos, compás que indica o sur e o norte da nosa vida. Cunha rosa de luxuria tatuada no brazo entregouse ó naufraxio carnal, foi cercado polas rosas imperfectas

da saudade pero, consciente do seu poder, teme o día que atope a derradeira porque
*A derradeira rosa/ Pode queimar de soidade e frío, de intemperie/ O corazón de
antano. É esa a flor que ofrenda a Rosalía*

a rosa murcha

*Que nos sinala causas traizoadas,
Rosa dos ventos que perdeu o norte,
Esfolhou corazóns desgovernados,
Ou a rosa vermella, perturbada
Na dolor -fume e cinza-
E a rosa que nos leva á inocencia
Pois é terrestre, sobrehumana e branca.*

Vencido pola presenza constante da solitaria *dama do viaxeiro* é consciente de que repasou parte do que a vida concede -*O amor de cada día,/ A luz de cada hora,/ E unha historia que pode suceder no poema*- e só lle queda recrear a propia historia nos versos. Remata por desvelarnos o artificio da obra, cando nun cuarto de hotel londinense, se identifica como buque varado no inverno e na choiva. Diríxese entón ó lector, *ese infiel aliado/ A quen debo obrigal a que aposte de novo/ A soidade lúcida, a ollada decisiva* dando fin, *nese decorado de ficción*, á versificación dun pasado e dunha búsqueda que sabe incompleta porque

*A novela do tempo, a fin de contas,
Non a escribe unha vida unicamente.*

*Son dúas soidades as que agora atravesan
Como un río de luz o mesmo soño.*

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 670, 20-4-1995, p.21